


CONTOS DO CASTROMIL  
-18-

# A Morte de Blas

---

Alfredo Conde





*\*Fotografía publicada na Wikipedia*

## **Alfredo Conde**

Nacido en 1945, é un escritor galego cunha traxectoria multifacética. Inicialmente, formouse en Náutica na Escola Superior da Mariña Civil na Coruña e en Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela. Traballou tanto na mariña mercante como no ensino, desempeñándose como profesor en varios colexios privados en Pontevedra. Na súa incursión na política, foi membro do Parlamento de Galicia e Conselleiro de Cultura na Xunta. Ademais, tivo un papel relevante nos medios de comunicación, participando no consello de administración da Compañía de Radio Televisión de Galicia e sendo colaborador de diversos xornais como O País, Diario 16, ABC e Le Monde. Como escritor, foi galardoado con varios premios literarios, entre eles o Nacional de Literatura en narrativa en 1986 e o Nadal en 1991. Tamén foi recoñecido como columnista, primeiro en La Voz de Galicia e logo en El Correo Gallego.

CONTOS DO CASTROMIL

*Estes libros son un complemento gratuito ó seu billete de viaxe en Transportes Castromil.  
A súa venda está prohibida.*

# DÍA DAS LETRAS GALEGAS

*Este conto vai dedicado  
ó meu irmán César, el  
saberá por que.*

## 1

¿Cal é a expresión da coquetería masculina? ¿Atusa-lo bigotes, endereitarlle as guías cara enriba, deixándoas esvarar delicadamente entre os dedos corazón, furabolos e polgar de cada unha das mans, inducíndolles un sentido de rotación semellante ó das agullas do reloxo, no caso da man dereita, e contrario a elas, no da man esquerda, pode ser un síntoma de senil coquetería, unha vez acadada a idade propecta? ¿ou abonda con considereirallo algo propio de calquera idade e común a calquera circunstancia?

Parouse cos brazos dobrados e perpendiculares ó colo, as puntas dos dedos premendo docemente as guías dos bigotes, e cismou en que aquel podería se-lo aceno dun banderilleiro calquera en ocasión precedente ó saltiño co que se foxe dos cornos do touro, ó xiro en espiral solar co que se elude o prateado lóstrego dunha cornada, a fita espectacular coa que compor unha figura negra e dourada, a penas unha mancha, a penas unha estrela nun firmamento escuro e, de tan escuro, enloitado; e gustouse. Gustouse moito.

Axexouse no espello, esculcou as xa fondas enrugadas do seu rostro e sorprendeuse da vivacidade da súa ollada, do rictus irónico que penduraba do rebique do seu beizo dereito, algo caído, algo sostido, metade por metade, nin arre nin xo, por uns musculiños que dominaba á perfección e de xeito instintivo, sen saber ben cales eran ou como incitalos ó movemento. Así soubo que a ironía agroma libre e non é, ou non debe ser, deliberada, que precisa da espontaneidade pra acadar estatus de realeza, de aristocrática distinción.

Xirou o corpo pola cintura, á dereita, á esquerda, e sen baixa-los brazos, sen desprende-las guías dos bigotes, retidas nas puntas dos seus dedos, e deleitouse na sensación que os vans, así forzados lenemente, lle producían á altura do carrelo. E foi redescubriendo o seu corpo de vagar, espreguizándoo solermiñamente, espabilándoo ós poucos e con morosa delectación. ¿Sería tamén coquetería aquel seu proceder ou quedaría reducido a un gratificante narcisismo propio da súa posición social? ¡Ou, quen o soubera! En calquera caso, tíñao sen coidado.

Un timbrazo algo estentóreo demáis sacouno dos seu ensimesmamento. Baixou os brazos, estirou os faldóns da chaqueta, turrou dos puños da camisa, fixo o mesmo coas lapelas e aínda lle sobrou tempo pra se dedicar unha derradeira mirada de esguello segundo se dirixiu ó teléfono. Non o gorentou enteiramente o tupeciño que tanto traballo lle levara facer e prometeuse atacarlle de novo, tan pronto como solucionara aquela invasión da súa intimidade que o timbrazo telefónico significara, aquela irrupción momentánea dun sonido que adoito o descougaba e que, nesta ocasión, rompera o engado dunha demorada contemplación de si mesmo.

Descolgou o auricular e arrimou a boca ó micrófono, situándose oblicuamente á parede da que pendía o teléfono. Unha voz lonxana que alongaba innecesariamente as vocais advertiuno:

# DÍA DAS LETRAS GALEGAS

-jDoon Peerfeectoo, paasoollee cooon Reeboordeeeeloo!  
-jPase, muller, pase!  
-jEellee daa caasaa dooo seeu iirmáaaan!  
-jVaaleee, paaase!  
-jQuee moorrreeu noon seei queeen!  
-jHui, que coño, pase dunha vez!  
-jGroseiro!  
-jPase dunha vez e cale!  
-jDiifiiicualtaadees naa lliiña teeleefoonicaa! jAgaardee uunhaa miigaalliiña, faagaa oo faavor!  
-(jNai que a pariu!)

Rosmou polo baixo, logo aturou impasible unha serie continuada de ruidiños que imaxinou chasquidos de lingua, castañeteo de dentes, peidorretiñas feitas cos beizos ou golpes dados coas unllas no micrófono da propia telefonista. ¿Quen morrería? ¿Alguén da familia? Seguro que había ser alguén coñecido.

Por fin restableceuse a calma e polo auricular chegoulle unha voz familiar que falaba a berros.

-jMorreu Blas!  
-jCarano!

E estendéronse logo, as dúas voces, en consideracións de varia índole e diverso rexistro, que concluíron coa afirmación de que axiña se desprazaría a Rebordelo por ver presta-lo debido consolo e a atención precisa ó seu deudo máis achegado. E así foi.

Tan pronto deron por terminada a conversa, e sen máis que baixar cos dedos da man dereita, os mesmos cos que non había moito se entretivera en atusa-lo enfesto bigote, a palanqueta da que adoito penduraba o auricular, dispúxose a facer xira-la manivela a toda velocidades pra reclama-la atención da telefonista, pero non lle deron ocasión de dar a penas máis ca un par de voltas.

-jNon sexa besta que xa estou aquí!  
-jPóñame co Miranda!  
-¿E logo quen era o Blas?  
-jPóñame co Miranda!

## CONTOS DO CASTROMIL

-18-

*-Pois ben que o sinto, sítollo ben, créamo. ¿E era moi novo?*

*-¡Mire...!*

*-¡Ande, home, ande; diga, que logo a xente pregunta e unha ten que estar informada...!*

*-¡Hui, que coño!*

*-Diifiiuultaadees na lliña tteeleefóoniicaa...*

*-Tíñalle dous aniños, páseme e logo cóntollo, non colgue...*

*-¿Miiraandaa? ¡Pásoollee coon Doon Peerfeectoo?*

*-¡Dígame, Don Perfecto!*

*-¡Resérveme unha ventáña, diante, no primeiro coche!*

*-Moi ben, Don Perfecto, xa o avisamos.*

*-¡Gracias!*

*-¡A mandar, Don Perfecto!*

*-¡Cónteme agora do Blas!*

*-¡Vaia facer gargarexos!*

E colgou a toda présa.

Non lle apeteceu moito tornar ó espello de novo, e sentouse a le-las esquelas que viñan no xornal. Era o primeiro que lía tódolos días, segundo inveterado costume que adquirira alá lonxe na súa nenez senlleira e conturbada, e que mantiña malia tódolos pesares e circunstancias da vida. Molestábanlle as defuncións de xentes, non tanto das da súa idade, coma daquelas dos que eran maiores ca el e tal que se se, estas idades dos defuntos superiores á súa, lle marcaran límites a transgredir, barreiras a saltar, obstáculos a vencer, todos eles de difícil superación. As esquelas nas que figuraban individuos de idades menores cá súa, e canto máis noviños, mellor, mesmo o aledaban; producíanlle unha estraña ledicia, un sereo sosego e certa paz interior que resultaban moi gratificantes. As dos coetáneos seus nin o aledaban, nin o entristecían decididamente, pero causábanlle unha inquedanza e unha inestabilidade emocional moi dignas de seren tidas en conta e que el se negaba a analizar enteiramente.

Morrera pouca xente e imaxinou o disgusto do dono do xornal que contaba cos que eran produto da inserción de esquelas coma os seus máis seguros e farturentos ingresos habidos gracias á edición do periódico. E sorriu. De certo que volvería te-lo rebique do beizo cheo de ironía. E aquilo contentouno. Pregou o xornal, sen le-las noticias, ningunha delas, e repousou a cabeza no orellón da

## DÍA DAS LETRAS GALEGAS

butaca. Se non se erguera había pouco e non lle dera reparo, aínda botaría unha sestíña das que chaman do cordeiro, antes do xantar, aproveitando a hora do Anxelus, pero non era caso e acordou pensar no Blas. Recupera-la sensación de cando o atopara, miúdo e feble, a penas un botonciño gris e probablemente amourado de frío, embaixo duns toxos altos, alá na cima do monte foi a súa ocupación primordial nos minutos seguintes; a coidada solicitude coa que o erguera á luz do día e, logo, a delicadeza coa que o trasladara á casa petrucial, o balbordo que se organizara, rebumbio por aquí, rebumbio por alá, sacarémolo adiante como sexa, o pan da man mollado en leite rebaixado con auga do que primeiro se alimentou, os primeiros pasos, conformaron o subseguinte discorrer do seu pensamento. Unha voz certamente autoritaria sacouno do seu estupor.

*-Señor, estalle a comida na mesa.*

Ergueuse, botando as mans ós cadrís, coma se sentira dificultade pra facer tal movemento de izado do seu corpo, pero era finxido. Recreouse nel, mentres se sentía observado pola ollada inquisitiva da criada, e logo dirixiuse ó solarego da porta, apoiouse de costas no marco dela e restregou o carrelo contra a madeira que sabía nobre e de moi boa orixe. Logo dirixiuse ó comedor seguido pola criada e os seus comentarios a cerca da boa saúde e a mala vida, da boa vida e a mala vida, da boa vida e a mala saúde e a íntima e desaxustada interrelación que se observa entre elas.

A penas se sentara, escanciado viño na copa e disposto a diseccionar con suma maestría un linguado á prancha que lle serviran, volveu entrar a criada:

*-Veñen avisar os do Miranda, que vai saí-lo coche de liña.*

*-Dígalles que esperen, que aínda estou empezando a comer.*

Saíu a criada e el acordou, entón, anoa-la servilleta arredor do colo, protexendo así a peiteira da chaqueta, o propio chaleco, quen sabe se os altos dos pantalóns ou a propia camisa. Cando xa ía toma-lo café, volveu a criada cun novo recado:

*-Mire, que din os de Miranda que se pode ir pronto que teñen que levar, urxente, unhas medicinas a Queiroás; que está esperando por elas dende onte e que igual xa non chegan a tempo.*

*-¡Nese caso...!*

# CONTOS DO CASTROMIL

- 18 -

Condescendeu o tempo que se erguía e de cismar en que aínda lle daría lugar a toma-lo caféño no bar da Corrixidora, mesmo ó pé da Administración do Coche de Liña, e entanto non saía. Pero cando chegou xa tiñan o motor en marcha e estaban algo fartos de agardar por el.

Asomou o corpo pola porta do autobús e comprobou que non quedaba libre ningún asento de ventaíña, tal e como el solicitara. Detívose no seu ascenso, virouse cara o cobrador que termaba da porta mentres el subía, e díxolle.

*-¿E o meu sitio?*

O cobrador puxo cara de sorpresa, introduciu a cabeza no interior do autobús, acenoulle a un pasaxeiro que polo que se vía acordara sentarse onde non debía e sen consultar nin a rei, nin a roque, e indicoulle a conveniencia de deixar aquel sitio libre.

*-¡E que me mareo...!*

*-Pois vaia pra enriba, mira ti que ocorrencia, que se marea...*

*Haiche cada un..., suba, suba, Don Perfecto.*

*-Gracias, Manolo.*

De alí a pouco o autobús xa deixara atrás a cidade e circulaba pola estrada que levaba a Rebordelo.

## 2

Cando chegaron ó alto de Taboadela sentiron todos grande alivio. Os laterais dianteiros do coche ían daquela suxos como consecuencia das gomitonas dos pasaxeiros e, da parte traseira do coche, chegaban os mestos efluvios excrementicios dos animais que nela se transportaban. A costa era o abondo pina como pra que o motor se requentara e, dado que era un autobús dos máis modernos que o tiña dentro do habitáculo dos pasaxeiros, a calor era insoportable en ocasións.

Cando a temperatura da auga subía perigosamente, o conductor detiña o coche, baixaba a deitalle máis no bico do radiador, logo de facer xira-lo tapón á forza de se valer dun trapo suxo e noxento como poucos se viran; pero antes levantara a tapa do motor, pra permitir que este se enfriara aproveitando a



## DÍA DAS LETRAS GALEGAS

parada, e unha densa nube de fume, resultado dos gases que alí se acumularan, invadira todo o interior do autobús, acabando de marear a moitos dos poucos que aínda quedaban por padecer tal enoxosa situación. Don Perfecto permanecía, mentres tanto, alleo a toda aquela algarabía.

Aproveitando a parada non eran poucos os que se baixaban do coche coa desculpa de iren facer as augas e aproveitaban pra dar uns paseíños cara unha xesteira, pegar un trotiño canso arredor duns toxos ou beber auga nalgunha fontíña que sabían cercana. Cousa de vinte ou trinta minutos, entre unhas cousas outras. Pero xa estaban arriba de todo, á fin chegaran ó alto, logo todo sería baixar e disfrutar da brisiña que adoito subía monte arriba e que sumada á velocidade do autobús se convertía nun ventíño frescachón que todo o aliviaba.

Cando estivo todo o mundo a bordo, o conductor arrincou, superou a cima e deixou que o coche fora collendo velocidade costíña abaixo. Rexuvenecido dos seus mecánicos alifafes, supetamente repostos das súas avarías, aparentemente superadas as súas dificultades respiratorias, deixados atrás os aromas varios que antes o asulagaban, o autobús descía velozmente.

Cáseque xa chegando a Rebordelo, cando a costa pina se fora convertendo paulatinamente nunha caeira donda que permitía que a estrada se alongara en curvas amplas, que a achegaban á ribeira dunha lagoa fermosa e cáseque de certo que cunha cidade asulagada no seu fondo, o autobús empezou a perder velocidade e a deixar oí-los seus clamorosos buguinazos por todo o amplo val que atravesaba.

Don Perfecto ía daquela medio adurmiñado e, supetamente espabilado polos claxonazos, incorporouse no seu asento coa intención de solicitar do conductor a pertinente aclaración daquel estrondo. Non ben lle preguntara

*-¿Que pasa?*

comprendera a inoportunidade da súa pregunta. Podía divisar ó lonxe, alá no final da única e sensible recta que había antes de chegar a Rebordelo, a presenza ducha muller de negro, rodeada duns animalíños que non podía aínda precisar no seu número, atravesados no medio e medio da estrada e sen trazas de se arredar dela.

# CONTOS DO CASTROMIL

- 18 -

*-¡O raio esa da Fermina!*

Dixo o conductor sen deixar de bater no claxon coa man aberta e forza abonda como que o autobús enteiro soubera da súa vehemencia. Don Perfecto volveuse reclinar no seu asento, os dedos das súas mans entrelazados sobre da empuñadura do bastón de xeito que as mans lle quedaban á altura dos beizos e podía apoialos nelas, como bicándoas, nun estudiado acenar que indicase introspección ou curiosidade, paciencia ou resignación, intranquilidade ou agobio, segundo fosen o caso e a circunstancia, a ocasión ou as consecuencias.

Á fin o autobús detivo o seu desprazamento. A xente toda viñérase pra adiante, vencida pola inercia, e máis dun ameazou con volver trousar de novo. Varios paquetes viñéranse abaixo das redes nas que repousaban por riba das cabezas da pasaxe e os donos afanábanse en recollelos o máis axiña posible. No medio do estrondo e da algarabía reinante, puidose escoita-la voz do conductor que sacara medio corpo pola ventáña a fin de interpelar á dona dos animalíños: unha porca parida prendida cun cordel pola pata traseira esquerda e unha ducia de bacoriños que andaban arredor dela, máis unha perica tamén parida, tres que non o estaban, pero que tamén aparecían trasquiladas, e un carneiro algo vellote de máis, pero moi ben dotado. Na súa man esquerda a muller amosaba un vimbio longo e fino e, de tan marelo, laranxa.

*-¿Logo non viches vi-lo autobús?*

Berroulle o conductor.

*-¡Vin, home, vin!*

*-¿E non oíche-la buguina?*

*-¡E non ía oír!*

*-¿E logo por que non te apartaches do medio da estrada?*

*-¡Eu xa me aparteí onte! ¡Hoxe tócache a ti!*

*-¡Aparta de aí que te levo por diante!*

*-¡Mala centella te coma! ¡Como non te apartes ti...!*

*-¡Aparta de aí que te levo por diante!*

*-¡Mala centella te coma! ¡Como non te apartes ti...!*

O conductor volveuse vencido cara don Perfecto, solicitando axuda, pero as guías dos seu bigote nin se estarreceron porque el respondera falando

# DÍA DAS LETRAS GALEGAS

entredentes: nin se deu por informado. O chófer volveu asoma-la cabeza pola ventaíña:

*-¡Mira que levo aquí Don Perfecto!*

*-¡Por min como se levas ó Papa!*

Algunha viaxeira persignouse ó escoita-la resposta e o conductor volveuse virar cara ó parecer seu máis esgrevio pasaxeiro, pidiendo axuda negada na ocasión anterior.

*-Dille que levas unhas medicinas pra un de Queiroás.*

*-Oe, Fermina, que levo uns medicamentos pra un de Queiroás que está moi Maliño.*

*-¡Nese caso...!*

E arreoulle á porca coa vimbia nos xamóns, chascoulle a lingua ós bacoriños, chamou polas pericas e, sen excesivos apuros, foi deixando expedita a estrada. De alí a pouco estaban xa en Rebordelo.

## 3

Segundo o coche ía freando pra se arrimar á beira da estrada, xunto dediante da porta do Pepe Miranda, e quedar alí aparcado durante un tempo non inferior ó empregado nas paradas anteriores, ou mesmo nas interrupcións motivadas pola Fermina ou polo requentamento do motor, Don Perfecto axexou ó seu sobriño agardando por el a pé firme.

Pouco a pouco puido ir observando o seu aceno triste e compunxido e, nada máis que que puxo o pé en terra, sentiu a man do rapaz preméndolle a súa e, de seguido, a meixela rubicunda no dorso da súa man.

*-Moi tenro ves.*

Susurroulle mentres que coa man libre lle peiteaba as guedellas deixándoas que esvarasen entre os seus dedos.

*-Morreu o Blas.*

*-Xa sei, xa sei.*

## CONTOS DO CASTROMIL

- 18 -

*-Foi culpa miña.*

A proximidade ducha dona fixo que o vello se desprendera da man do rapaz pra poder ergue-la propia ata a aba do sombreiro e destocarse, ó tempo que esbozaba un sorriso lene e gasalleiro e, logo, torcendo os ollos e pregando os beizos da forma precisa, observouse dificultosamente as guías dos bigotes. Afortunadamente seguían no seu sitio.

*-¡Vamos, vamos, cálmate!*

Ordenoulle o rapaz ó que non deixara de sentir carpindo.

*-¡Cóntame! ¿Como sucedeu?*

*-Xa o enterramos.*

*-Home, coído que era o que había que facer, sen dúbida ningunha.*

*Pero, ¿como foi?*

Na luna dun escaparate observou a súa fasquía elegante, que el suspuña atildada, pero sen afectación, e un lampo de luz procedente do parabrisas dun coche que atravesaba o pobo, estampado contra o muro branco da fronteira dunha casa, reclamoulle a atención cara outros pensamentos que agromaron de contado, algo difusos aínda, pero abondos como pra que lle deixara así de prestar atención ó neno.

¿Sería coquetería á búsqueda da propia imaxe no fondo das lunas dos escaparates? ¿Habería algo naquela incorporeidade que o reclamara tan teimudamente como pra que non fora quen de resistir sabendo, como sabía, que no pobo era obxecto de comentarios de todo tipo e intención aquela súa proclividade á autocontemplación? Éralle igual. Tanto se a había, coma se non, era cousa impensable que el deixara de facelo.

Tiña un pouco máis de bandulliño que cando a fermosa ocasión na que atopara ó Blasiño, a verdade e que non había tanto, e enchera de ledicia os días aldeáns da súa familia con aquel achado.

*- ...chamaba por el, Blas, Blas, dicíalle, e viña tras de min coma un canciño. Seguíame a todas partes.*

## DÍA DAS LETRAS GALEGAS

O máis entusiasmado fora, precisamente, o seu sobriño, que atopara en Blas un compañeiro de xogos inesperado e excepcional. Cada semana ou así, día arriba, día abaixo, viña a Rebordelo por ve-la consolidación daquela amizade, o milagre daquela convivencia, e facíao sempre a bordo do coche de liña da Empresa Miranda, sometido ós rigores do transporte da época, divertido no fondo ó poder contemplar aquela algarabía á que, aparentemente, permanecía alleo, ensimesmado nos seus propios pensamentos ou aproveitando os fugaces momentos no que o cristal da ventaiña facía de espello. Pero aquilo mareábo. Ve-la estrada reflectida no cristal, poder preve-las curvas cunha anticipación inútil que lle facía inclina-lo corpo prá banda contraria á que o xiro indicaba como oportuna, púñalle o estómago nas orellas. Era o único desagradable do desprazamento semanal, aquilo de non se poder contemplar a modo e malia que se lle foran os ollos detrás da súa propia imaxe. Pero o resto compensáballe e, un señor coma el, endexamais conduciría un coche propio.

*-Estábanlle arranxando o leite e caeulle o bebedeiro na caluga.  
Esnucouno. ¡Eees-nu-cooou-noo!*

Dixo o neno chorando a modo tendido.

O vello premeulle a man e reconfortouno.

*-¡Vamos alá, vamos alá!*

O milagre fora que sobrevivira e se dera criado como se criou, cáseque tanto coma a amizade que inzou entre os dous, quen sabe se aínda máis, aquilo non fora cousa sólita e máis ben semellara un despropósito.

*-Realmente non vai ser doado que volvas ter un amigo coma ese.*

O neno asentiu resignado e Don Perfecto sentiu que chegara a ocasión propicia pola que tanto esperara.

*-¿E non se vos ocorreu facer un estofadiño de coello?*

O alarido do rapaz foi cousa fina. A xente que camiñaba pola rúa revirouse toda ela, convocada por aquel laio cortante coma un coitelo, abraiada da potencia daquela voz aguda coma o gume do coitelo anteriormente citado, sorprendida

## CONTOS DO CASTROMIL

- 18 -

daquela nota sostida en La maior durante moito máis tempo do aconsellado como prudente.

Don Perfecto calou o sombreiro, cubrindo os ollos o máis posible coa viseira, turrrou do rapaz a modo e dixo:

*-¡Vamos, vamos, neno, non dixen nada.*

*-¡Era o meu coelliño!*

Aínda acordou a explica-lo neno a voz en grito.

Cando chegaron á casa o neno seguía saloucando, hipando de seguido, querendo explica-lo que non facía falta ningunha que explicara.

Saudou á familia con corrección e brevidade e logo, todos xuntos, camiñaron cara á horta na procura do lugar no que o Blas fora enterrado non había aínda moito tempo. O neno non quixera nin oír falar de comer guisado, ou cocinado de calquera outro xeito, e hai que dicir que se lle ofreceran varias posibilidades, aquel seu coelliño de monte que o seu tío avó Perfecto lle trouxera de regalo unha vez que fora de caza cos cans e o atopara embaixo dun toxo alto coma unha catedral. Negouse a todas. O coelliño que amestrara ata extremos inhabituais sería debidamente enterrado.

Fixéralle unha campa con pedras e logo cubríraa de flores e sinaláraa cunha cruz feita con dous traveseiros de madeira. Obrigara a asistir ó sepelio a toda a familia e, a verdade, é que ninguén, cada un polas súas propias razóns, se fixera moito de rogar. Mesmo os cans da casa asistiran á cacería na que Blas fora atopado e se afixeran logo a el, de xeito tal que o admitían nos seus xogos e participaban na súa protección diante doutros cans. A excepcionalidade do coelliño de monte que se domesticara como o Blas o fixera, xustificaba aquela expectación e mesmo en Rebordelo enteiro fora obxecto de comentarios diversos, pero todos contritos e apenados.

A comitiva presidida por Don Perfecto íase achegando ó lugar do enterramento. O neno participaba no desfile collido da man do seu tío avó e xa máis tranquilo, ata que se desprende de dela e botou a correr. A tumba estaba removida.

O corpo de Blas, desaparecera.

## DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Tódalas mentiras tiveron o seu lugar nas prolixas explicacións coas que a familia enteira intentou explicarlle ó desolado rapaciño a profanación daquela tumba. Non é difícil imaxinalas. Tampouco non o é que o neno non se consolara. Nin unha prevista viaxe ó ceo dos coellos, nin unha oportuna e repentina resurrección da carne dos coellos mortos, nin as trompetas dun Xuízo Derradeiro que o convocaran afusquinadamente ó pobriño do Blas, significaban nada que non fora un incremento dos laídos do rapaz.

Cando xa os argumentos todos estaban a piques de se esgotaren, xunto tamén coa paciencia dalgún dos presentes, o neno agachouse de súpeto, agarrou un coio e lanzoullo con toda puntería a un dos cans que viña cara eles dándolle ó rabo.

*-¡Foi el, foi o Morito!*

Dixo o neno ó tempo de lle zorregar co coio nos fuciños. O can laiouse e saíu zumbado, pero sen deixar de se lambe-lo fuciño tan dorido polo cantazo coma compracido pola enchenta.

*-¡Merda de can! ¡Asasino!*

A Don Perfecto a penas lle deu pra compo-la figura. A división de opinións entre a abraída familia impediulle cismar, sequera brevemente, no comentario oportuno que puidera dar fin a aquela situación algo ridícula na que todos se encontraban e que xa comezaba a resultar enoxosa e certamente ambigua. Houbo quen propuxo mata-lo can e ata houbo quen saíu correndo tras del. Don Perfecto considerou a tranquilidade da súa primeira mañá, cando se estaba a contemplar no espello en ocasión de se atusa-las guías do bigote, o badalazo que supuxera a noticia do pasamento do coello, a impremeditación coa que se desprazara a consolar ó seu sobriño neto e a futilidade de todo sentimento humano.

Unha vez que decidira que moito mellor que regresar aquela tarde, sería durmir en Rebordelo aquela noite e regresar á cidade ó día seguinte, acordou que o seu sorriso irónico sería a súa mellor defensa naquela situación estúpida; e mentres esbozaba e se atusaba o bigote, lamentouse:

*-¡Lástima de estofadiño!*

## CONTOS DO CASTROMIL

-18-

Pero o neno daquela xa non chorou, que así é a vida e así de fugaces son os humanos sentimentos. Lástima dun espello no que poder observa-la composición daquelas derradeiras exequias, coma se a cousa fora con outro, que esa é, en realidade, a maior vantaxe que nos proporcionan os espellos e aínda que a iso haxa quen lle chame narcisismo.

29.800



# CONTOS DO CASTROMIL

- 18 -

Os “Contos do Castromil” foron unha serie de 30 relatos de autoras e autores galegos que se repartían a bordo do autobús nos anos 90, chegando a distribuírse 450.000 exemplares. Ningún cobrou polos textos mais si recibiron un carnet que lles permitía viaxar sen pagar nas liñas do Castromil.

Foi unha iniciativa da Asociación de Funcionarios para la Normalización Lingüística, contou co patrocinio da Xunta de Galicia e foron editados por Ir Indo entre 1992 e 1994.

Monbus decidiu reeditalos dixitalmente para que cheguen a máis xente e seguir difundido a literatura e a cultura en galego.

# DÍA DAS LETRAS GALEGAS

*Contos do Castromil é unha colección que pretende achegar ó lector e viaxeiro unha selección de autores de relato galego que o leven tamén pola rota da imaxinación.*

